

A Cova da Moura

Natalia Carou Figueira



BAÍA EDICIÓN S

Capítulo 1

Cleofar apurou un pouco o paso e mirou preocupada cara ao ceo enferruxado. Naquel día en que se lle ía revirar o mundo, o vento turraba pola chuvia con asubíos de rabia. A lama da corredeira enlordáralle o baixo do vestido pero non se preocupou de recoller a dobrez; pensou que unha vez secara, podería batelo cunha galla de codeso e decontado retomaría a súa primitiva cor cinsenta.

A peliza de la que lle cubría as costas resultaba ser máis un estorbo que un abrigo. O rexo tecido enganchaba nos plantóns das árbores e provocáballe pequenos tiróns que incrementaban a súa inqueda; pensou en quitala, pero o aire frío íaselle meter nos oídos e despois ía ter que soportar os incómodos emplastos da avoa para que deixaran de supurar.

Padecía ademais a incomodidade das gastadas solas de coiro que levaba amarradas con fitas no artello, era tarde e xa perdeu coidado en esquivar as arestas das pedras que se lle cravaban entre as dedas como se non levara nada nos pés.

A moza acomodou a peliza nos ombreiros para tentar escorrentar a tremesía e imprecou polo baixo o tratante de especias que lle provocara aquela inoportuna tardanza. Xa tiña que ter volto había horas, tan pronto lle entregara a mercadoría, pero o vello demorou en galantear certas damas que esculcaban no seu posto da feira, e Cleofar tivo que esperar

unha eternidade para recoller as escasas moedas que o ancián lle pagou pola media libra de herbas aromáticas que Froiloba, súa avoa, enviaba ao comerciante os días de mercado.

Nébeda, menta, hortelá e cecimbre, todos eses adobos que os nobres requirían a miúdo nas súas mesas medraban abundosa mente nos arredores da fraga onde elas vivían, e a vella Froiloba ocupábase de elixir os máis tenros gromos de cada planta antes da caída do orballo para preservar a súa frescura.

Cleofar, súa única neta, de catorce anos de idade, percorría con gran risco os trescentos estadais que a distanciaban de San Salvador de Soutomaior para poder efectuar o troco no terceiro venres de cada mes. Era un camiño longo, inzado de bestas e malfeitores, pero ese era uns dos escasos medios de subsistencia para aquel pequeno gremio de campeciños prófugos do xugo feudal que malvivían desde había case catro décadas no medio da foresta, tras os sucesos acontecidos durante a Revolta Irmandiña. E había que facelo.

A pesar de todos os perigos que a asexaban entre as sombras, a ela gustáballe viaxar soa. Gozaba do silencio daquelas horas de tránsito, discorría novas chanzas para compartir cos seus mellores amigos, Sancho e Tristán, e afastaba da súa mente a tediosa rutina do bosque, saboreando cada minuto de liberdade lonxe da estrita mirada da comunidade.

As primeiras pingotas azoutaron o rostro de Cleofar mentres atravesaba a Ponte Comboa sobre o río Verdugo. O vento axitou a súa peliza e arrincoulle a caparuzza ceibando o cabelo dourado que se agochaba debaixo do rudo pano; levou unha man á face tentando escorrenar a auga que se lle metía nos ollos e botou a correr querendo devorar o longo percorrido que aínda lle esperaba.

Se cadra o azoute da chuvia, ou quizais a forza coa que o corazón lle batía no peito, impedíronlle escoitar a tempo os cascos duns cabalos que se achegaban a toda présa a través da boscaxe, probablemente tamén fuxindo do temporal que se aveciñaba.

Mirou con apuro ao seu redor e decidiu agocharse entre a espesura dunha frondosa codeseira para esperar que pasaran. As súas sandalias esvararon entre a lama e foi caer de xeonllos sobre os afiados bordos das pedras. Afogou un xemido de dor e esborrallouse entre a matogueira, rodeando os xeonllos cos dous brazos mentres trataba de recuperar o alento.

Cleofar observou con mágoa como unha considerable mancha de sangue comezaba a estenderse pola parte dianteira do vestido e unha nova preocupación veu sumarse á comprometida situación na que se atopaba. A avoa Froiloba íase anoxar moito con ela, o sangue era difícil de quitar do tecido e non había aínda tres días que andaba con aquela roupa acabada de lavar.

Escoitou os cabalos deter a aloucada carreira a poucos metros do seu acubillo, obedecendo as ordes dunha voz poderosa que berrou o alto con vigorosidade. Cleofar sentiu que se lle ía formando un bolo de chumbo na gorxa, como cando súa avoa lle recriminaba por esquecerse o cazo do leite no lume ou cando non recollía a tempo a roupa tendida antes dunha chuvia. Apertou a queixada e mordeu con ansia o beizo inferior até que notou o sabor do sangue na lingua, estremeceuse ao notar unha grosa pingueira de suor frío que lle esvaraba polas costas e pechou os ollos con forza, degoirando un milagre que fixera desaparecer aqueles individuos.

Sentiu o bufar dos animais e o golpeo dos seus pezuños patexando nas pucharcas, moi preto dela. Polo barullo que facían, parecíanlle polo menos tres ou catro monturas. Arreguiouse e tratou de reter as bágoas. A avoa avisárala que volvese sempre ben agochada entre as árbores, evitando os camiños abertos, pero íase facer de noite!, que ía pensar ela que con esa treboada andase alguén discorrendo polo bosque...

Elucubrou acerca da identidade daqueles cabaleiros. Non podía tratarse do séquito dunha dama posto que ningunha cabalgaría con tanto brío e moito menos acordaría saír con aquela tempestade. Quizais fosen habitantes do castelo, ou algún mercador desorientado pola crecente escuridade que se extraviara de volta do mercado. Podería ser unha banda de salteadores, a súa presenza era frecuente nos días de feira debido á afluencia de forasteiros.

Cleofar tremeu ao pensar que aqueles cabaleiros poderían pertencer á soldadesca. Ela coñecía a maior parte dos bandoleiros dos camiños de Soutomaior, eran campesiños fuxidos dos feudos, xente coma ela que só pretendían sobrevivir. A eses non lles tiña medo, pero si a aqueloutros que asaltaban os viandantes polo simple pracer de causar dano. Súa avoa advertíralle do perigo de topar cunha desas cuadrillas de soldados, os gardiáns dos camiños, os encargados de facer valer as ordes do amo custase o que custase. Se resultaban ser eses estaba todo perdido..., ela sabía o castigo que lle tiñan reservado aos desertores coma ela: a forza.

Cleofar pensou en todo o que lle quedaba por vivir, nos centos de soños que a perseguían cando se deitaba a carón da avoa unha vez que a escuridade da noite impoñía o cadeado á actividade diúrna; non, non quería morrer aínda. O pranto estalou nun decorrer silandeiro polas súas meixelas

e só atopou acougo cando escoitou unha voz que pedía proseguir a marcha sen máis.

—*Vamoss xa, debeu sser algún raposso, quen ía aventurarsse a ssair a estass horass e con esta treboada?* —a voz dun home, esaxeradamente aguda, chegou aos seus oídos con toda claridade, a pesar do estrondo que provocaba o forcexo da choiva contra a vexetación.

Pouco a pouco o son dos cascos foise esvaecendo na distancia, así como a teima de Cleofar que expirou un suspiro de alivio. Esperou un tempo prudencial antes de erguerse e despois botouse de novo ao camiño, decidida a chegar canto antes á aldea e esquecer aquel desagradable incidente.

Catro pares de ollos observaban con satisfacción o camiñar confiado da moza cara á fraga desde o alto da lomba. O vento agoireiro levou até os oídos de Cleofar o potente asubío con que un dos xinetes advertía aos seus camaradas da presenza da moza, o seu corpo tensou e a gorxa volvéuse-lle pechar cun bolo de pranto. A pesar de que sabía que non había escapadela posible, o seu instinto obrigouna a correr desesperadamente cara á espesura.

Cleofar sentía o pánico esfiañando no seu ventre. Os seus peores temores acaban de materializarse nos lampos metálicos das roupas dos cabaleiros que non podían pertencer máis que ao gremio da soldadesca contra a que tanto porfiara a avoa. En poucos minutos viuse rodeada a carón dun carballo centenario.

—*Vaia, vaia, que temoss aquí?*

Ningún dos catro homes baixou da súa cabalgadura, durante uns segundos dedicáronse a estudala desde o anonimato das cotas de malla con que cubrían os rostros, baixo os pesados helmos de ferro.

Cleofar observounos estarrecida, o fulgor prateado do brasón de Soutomaior resaltaba no negrume das garnachas, baixo as que relucían os colos brancos dos seus xibóns. Decatouse de que aqueles non eran simples soldados, as finas roupas con enfeites de prata e o seu porte xentil indicaban sen dúbida que eses cabaleiros pertencían á nobreza, un status moi superior e completamente descoñecido para ela tras anos de exilio no máis profundo da fraga.

Debería sentirse acougada, aqueles eran sen dúbida xentís cabaleiros nobres, non bastos soldados, rudos e ignorantes como teimaba a avoa, pero a frialdade que atopou naqueles ollos solidificou o seu medo, acirrando o bolo de chumbo que se lle instalara na gorxa até o máis profundo do estómago.

O cabaleiro da voz asubiante quitou o pé do estribo e empurrou cara arriba con finxida dozura a queixada da rapaza para poder observala mellor. Ela mirouno atordada, examinou o pouco que deixaba á vista a lixeira rede que agochaba o seu rostro: unha barba escura perfectamente recortada e un nariz bicudo e longo. Despois, os seus ollos afofaron naquelas meniñas negras que a scrutaban con voracidade.

—Só é unha rapaza, señor —Cleofar desviou a mirada fuxidía cara ao home que acababa de falar. Todos vestían o mesmo tipo de roupa, usaban a mesma cota e idéntica barba recortada a rentes do queixo, o que facía difícil distinguir entre uns e outros.

Sentiu o pé que apertaba un pouco máis forte na súa fazula, e despois viuse apuxada con crueza cara atrás.

—Non *oussess* volver interromper o meu divertimento —o que parecía ser o xefe revirouse cara ao seu compañeiro

deixando que as palabras se lle escorreran entre os dentes; de inmediato, os outros tres recuaron apartándose da súa vista.

Cleofar decidiu aproveitar aquel instante de retesía para fuxir entre as árbores, pensando inxenuamente que alí as monturas non poderían perseguila con tanta facilidade. Botou a correr con desespero, esvarando e erguéndose decotío, sufrindo as rabuñaduras dos toxos e a dureza das pedras que entorpecían o seu paso.

Cleofar escoitaba o azoute dos pezuños cada vez máis preto. Abriu a boca para que o aire penetrara nos pulmóns adoecidos por unha dolorosa punzada, e cando xa pensaba que non podía correr máis, sentiu como unha man termaba o seu cabelo, enroscaba a longa melena ao redor dun puño pechado e turraba para atrás.

Berrou coa dor e embicou varias veces antes de caer sen forzas no chan, unha vez que a man do cabaleiro liberou por fin o seu cabelo. Sentiu preto dela a calor pegañosa dun animal e unha bafarada fedenta quecéndolle o pescozo. Quedou quieta de xeonllos na terra, tiña medo de mirar cara arriba e volver atopar aquela mirada moura, apertou a queixada, encolleuse un pouco máis sobre si mesma e enxugou coas mans os ollos que se lle derretían en bágoas. Notaba o vestido mollado, pegado ao seu corpo con linguas de lama. Decatouse de que xa non levaba a peliza porque sentía as pingotas da choiva cravarse coma alfinetes nas costas. O medo fóselle licuando entre os ósos e o seu corpo comezou a abanar dun xeito incontrolado.

Escoitou unha gargallada. O home que a prendera divertíase, mentres os demais xinetes agardaban na distancia. O cabaleiro descabalgou con axilidade e anicouse ao seu carrón. Coa luva de coiro acariñoulle a meixela e fíxolle volver

a cabeza con suavidade; o cheiro punxente do curtido, húmido pola suor do cabalo, deixouna sen alento.

Despois, empurrouna con crueza cara atrás e obrigouna a deitarse no chan.

—Que magnífico *agassallo!* —o hálito espeso do home e o cheirume noxento que desprendían as roupas de viaxe causáronlle arcadas.

Cleofar probou o sabor agre do vómito na boca, quería falar, pregarlle que non lle fixera dano, pero a lingua quedáralle pegada no ceo da boca. O home levantou con rudeza o vestido coirento e deixou ao descuberto dúas pernas fracas da cor da lúa chea. Sen máis comedimento, arrincoulle de vez o calzón de la que levaba por debaixo da saia. Cleofar volveuse sobre si mesma e patexou tentando liberarse das mans luxuriosas, non quería que el a tocara. Sentiu roñar ao home, impaciente pola súa rebeldía, e despois recibiu un forte puñazo no oído esquerdo que a deixou momentaneamente atordada.

O cabaleiro introduciu con rudeza a man enlucada na súa intimidade e Cleofar berrou adoecida cando sentiu esgazar a súa inocencia. El observou con frialdade a luva manchada de sangue e bradou de ledicia mentres baixaba con presteza os calzóns de veludo negro. Colocouse enriba dela e penetrouna con brutalidade.

Cleofar ouveou, suplicou acorro a aqueles que desde lonxe observaban o seu tormento, pero os tres xinetes asistían impávidos como o seu compañeiro cabalgaba testudo sobre ela. Deixouse as unllas tentando rabuñar a cara do agresor aínda cuberto coa malla metálica, loitou todo o que lle permitiron as súas forzas até quedar desfalecida e acabou claudicando sen máis remedio ao vigor do seu atacante.

O home rematou cun bramido de xúbilo. Ergueuse para colocar desleixadamente os pantalóns baixo o cinto de coiro e liberou a Cleofar do peso do seu corpo; despois anicouse de novo ao seu carón. Ela apenas notou o alento requente sobre os beizos, arrefriados polas pingueiras de chuvia que caían arreo dun ceo negro e espeso.

O vestido racháralle coa refrega pola parte dianteira deixando ao descuberto un diminuto peito coroadado por un biqueliño rosado. O home mirouno divertido, retorceu entre os dedos e despois mordeuno con saña, desgarrando aquela pel inmaculada que decontado se tinguiu de intensa cor vermella. Ignorou o alarido de dor que fuxiu da gorxa da moza e saboreou no padal o seu trofeo antes de cuspi-lo con satisfacción.

—*Divertíchessme* ben —o home arrebolou unhas poucas moedas sobre o corpo exánime de Cleofar e subiu ao cabalo con axilidade.

Arredouse sen máis, seguido dos outros tres xinetes, e ningún deles volveu a cara unha soa vez. Cleofar, esgazada no seu interior, nin sequera se moveu. Case inconsciente, escoitou esvaecerse o son dos cascos dos alazáns, mentres a coriscada seguía azoutando o seu contorno. Pechou os ollos e deixouse invadir por un profundo letargo que malamente mitigaba a dor que amortuxaba o seu corpo extenuado.

Capítulo 2

Malena ergueu a vista cara ao ceo para poder observar o castelo de Soutomaior en toda a súa inmensidade, allea por completo ao segredo que agochaban aquelas pedras e cuxo descubrimento ía condicionar en pouco tempo toda a súa existencia.

A pesar do estado de abandono no que se atopaba, sentiu un intenso pracer ante a beleza do conxunto. Diante dos restos do dobre recinto amurallado que Pedro Madruga fixera construír tras a Revolta Irmandiña, e que delimitaba o acceso á propiedade, sentiuse transportada a outra época e imaxinou a vida no castelo durante o período medieval.

Dirixiuse emocionada cara á porta sur, atravesando os xardíns desordenados de bouza. Advertiu que aínda se erixían en bo estado algunhas camelias e distintas variedades de árbores, entre elas, uns castiñeiros que parecían contar con centurias de antigüidade.

Avanzou un pouco cruzando con moito coidado a inestable ponte levadiza e traspasou o que algún día fora un gran portón de madeira cos gonzos de forxa e aldrabas de bronce. Sobre el, repousaba un extraordinario escudo de pedra coa insignia dos marqueses de Mos.

Ninguén lle puxera unha man en serio ao castelo de Soutomaior desde a última remodelación a mans da marquesa de Ayerbe e mais o seu esposo, o doutor Lluria, a principios do século XX. Agora ela, recentemente licenciada

en Historia e Restauración, contribuiría á realización dun proxecto completo de rehabilitación que se presentaría a finais dese ano 1984 ante a Deputación de Pontevedra, actual propietaria do inmovible, para devolverlles a vida a aquelas pedras embebidas de séculos.

Achegouse até o patio de armas e atravesou a matogueira tratando de alcanzar a entrada da edificación. Admirou á súa dereita, a ringleira de arcos oxivais que conformaban a Galería das Damas, e imaxinou no Patio de Honra unha quimera de torneos e xustas cos primeiros condes de Soutomaior como soberbios rexentes dunha chusma cacarexadora. Acariñou coas xemas dos dedos o tacto frío dos perpiaños e tentou abrirse paso a través dos entullos até a porta principal, pechada cunha gran cadea de ferro.

—Malena!, onde estás? —Mateo avanzaba con laboriosidade a través da broza, arrastrando o bolso de coiro que levaba sempre colgado do ombreiro, estragando sen reparos os seus carísimos Martinelli e os finos pantalóns de liño gris.

O feitizo esvaeceuse como por arte de maxia e devolveuna de súpeto á realidade. Asomouse á ponte levadiza e topouse de fronte co que fora o seu profesor, un perfecto cabaileiro de mediana idade que a tomara sen reservas baixo a súa protección cando empezou a destacar como estudante honorífica na Facultade de Historia. O bronceado rostro de Mateo, arrebolado polo esforzo, suaba con abundancia e os seus ollos pardos coroados por espesas perfebas relucían de xúbilo.

—É fascinante!, non che parece? —o mestre refugou o seu cabelo coas dúas mans para eliminar os restos de follas que arrastrara consigo tras a breve viaxe de aproximación polo xardín—. Todo isto é... impresionante, que hai dentro?, viches algo?

Apartou a súa compañeira cun xesto da man apenas despectivo sen agardar resposta, e desapareceu polo portón cara ao interior do recinto amurallado. Malena saloucou resignada, seguiu os pasos do home e atopouno loitando coa pechadura do cadeado. O ferrollo cedeu cun estalo aos golpes de Mateo, caeu ao chan e crebou en dous cachos.

O mestre ignorou a desfeita e empurrou a porta con grande esforzo. Esta abriuse por fin, levantando unha considerable bafarada de po ao seu paso. Malena tusiou atascada e buscou ás apalpadas a man do home a través da poeira, sen acadala. Tratou de espantar coas mans o remuíño de partículas que flutuaban no ar, e esperou uns segundos no limiar até que a derradeira luz do serán revelou por fin o magnífico interior do castelo. Sacudiu a voaxa que lle quedara prendida na camiseta branca de algodón e adiantouse en busca do mestre.

Mateo atopábase a poucos metros de distancia, acachado baixo a protección da súa elegante chaqueta de liño. Malena achegouse e tocoulle lenemente no brazo para indicarlle que xa podía descubrirse. El dedicoulle un leve sorriso e achanzou coas mans a chaqueta que deseguido volveu caer con soltura sobre o seu espléndido corpo atlético.

—Tes o pelo branco, parece unha velliña —Mateo acañoulle con suavidade a sen para sacudirlle os restos de po.

A respiración da moza detívose uns instantes ao sentir o contacto dos dedos sobre a pel, as súas miradas quedaron prendidas apenas uns segundos até que a tensión rachou de súpeto cunha gargallada conxunta. Malena sacudiu os seus rizos dourados con galanteo e devolveu a atención ao vestíbulo do castelo, que Mateo xa enxergaba con renovado interese.

No interior rexía unha impresionante escaleira neogótica que daba acceso á torre da homenaxe. A balaustrada con columnas e arcos oxivais sobre os que montaba unha fermosa bóveda de cantería acaparaba toda a beleza que escaseaba no resto das paredes, núas e brancas, da entrada do edificio. Non se apreciaba ningún outro moble ou adorno que puidera restarlle protagonismo.

Malena tenteou o rostro de Mateo en busca da expresión de sublime felicidade que a ela lle embargaba, emocionada de compartir co seu mentor aquel momento de gloria; pero as engurras da fronte de Mateo e a súa tensa queixada, reveláronlle outro tipo de sentimentos que a deixaron un pouco preocupada.

Ela coñecía cada expresión de Mateo por ter contemplado e admirado o seu rostro durante anos de abnegada dedicación aos estudos; sabía que cando apertaba de xeito inconsciente o beizo inferior cos dedos índice e polgar, Mateo estaba preocupado. Cando as súas meniñas refulxían ante a visión de algo de especial valor ou relevancia, a ledicia parecía zumegar polos poros do seu corpo e mesmo parecía que se lle iluminaba a pel.

Malena sabía tamén que o engrosamento dunha veíña azulada na súa sen dereita precedía a unha explosión de furia incontrolable, momento no que había que apartarse e esperar até que o infranqueable muro que erguía ao seu redor se esvaecera por si mesmo, e regresara de novo o perfecto cabaleiro que se agochaba no seu interior.

Ela descubrira aquel impulsivo carácter no último ano de carreira, durante unha excursión da facultade ao Arquivo Histórico Diocesano en Santiago, no mosteiro de San Martiño Pinario. A unha das súas compañeiras non se lle ocorrera

máis que esbirrar dun xeito estrondoso sobre un manuscrito que recollía as Memorias do Arcebispado do século XVII, xusto cando o valioso documento se atopaba máis vulnerable, durante o proceso de limpeza.

O profesor permanecera inmutable durante uns segundos, mentres o monxe arquiveiro saloucaba horrorizado e trataba de limpar a toda présa os restos de cuspe que quedaran impregnados no pergameo. Cando a vea da súa sen dereita acadou case o tamaño dunha boliña, a ira de Mateo estoupou nun berro irrefreable. Vinte alumnos presenciaron inmóbiles o arrebatado de furia do mestre, que collera a moza pola cabeleira e apurráaraa contra o sensible documento mentres profería unha sarta de cualificativos difíciles de repetir, deixándoa a piques do esvaecemento.

Os rapaces asistiran sorprendidos a un inusitado proceso de transformación do preceptor nos días que seguiron, que pasara fuxidío por todos os estados de ánimo posibles: arrepentimento, melancolía, tristura, indiferenza. Finalmente, a súa carismática personalidade rexurdira de novo e Mateo volveu brillar de entusiasmo e vitalidade para satisfacción de todo o alumnado.

Naquela ocasión non houbera castigo para Mateo Correa Ugarte, a Universidade pasou por alto a queixa da alumna, tras ter que desembolsar unha cuantiosa multa ao Mosteiro polo estrago do material; a moza desapareceu da facultade e non se soubo se logrou rematar a carreira noutro lugar. Non obstante, a partir daquel día todos os seus alumnos coidáronse moi ben de non enrabechar o mestre.

—Aquí non quedan máis que as pedras —as palabras agres de Mateo rescataron a Malena da súa marea de lembranzas e ela por fin puido identificar o sentimento que non

lograra dexergar na expresión da súa face. Unha profunda decepción.

—Aínda acabamos de empezar, o castelo é moi grande...

—E tamén está moi baleiro —contestou enfurruñado—. Sei de boa man que aquí había custosos mobles, un enxoval importante e pinturas de gran calidade que pertencían aos marqueses de Ayerbe. O avogado de dona Sara de Hostos, a derradeira propietaria do castelo, aseguroume que despois do último temporal xa non puideron rescatar nada do interior por medo a que se derrubase.

—Pois se a derradeira familia que habitou no castelo non puido sacar a maioría das súas pertenzas, quen as levou entón?

—Iso quixera saber eu, as chaves pasaron por varias mans despois da adxudicación, así que... quen sabe. Pensei que íamos atopar obxectos de gran valor aquí dentro.

Mateo resaltou cun aceno esaxerado a fermosura dunha porta situada no medio da escaleira, cicelada con relevos de gran tamaño que representaban uns santos baixo unha cruz de pedra.

—Será unha capela... —dixo Malena, arrependíndose deseguido ante a mirada despectiva do mestre.

—Evidente, non?

Antes de acometer a perigosa tarefa de subir os chanzos encouzados para ver a capela, decidíronse por unha apertura a modo de arco oxival situada á súa esquerda, que desembocaba nun pequeno recinto coas paredes negras de fume.

—Saca a cámara de fotos —pediu Mateo—, quero rexistrar todo para entregarllo ao aparelador, a ver se por unha vez fai un bo traballo.

A cociña cheiraba a cinsa e humidade. Multitude de teas de araña formaban vaporosas cortinas polo teito da estancia, que estaba presidida por unha lareira imponente onde se amontoaban escolmas ferruxentas, cazolas, tarteiras e demais utensilios en desuso. Os ratos, ou quizais os morcegos que de seguro habitaban naquel castelo abandonado, deixaran a súa pegada en cada recuncho, e as súas defecacións abundaban no interior da lareira, así como na maior parte do piso empedrado. Mateo agarrou con noxo o pau dunha xesta e remexeu entre os cacharros, pero alí non había nada de especial valor histórico á parte da antigüidade dos restos orgánicos.

—A pedra da cociña está perfecta, só habería que repicala un pouco e limpar a fondo a lareira, non cres? —manifestou Malena, mentres disparaba a súa cámara unha e outra vez.

—Perfecta, si, só terías que limpar un pouco toda esta merda para facerme un cocido como deus manda para a cea.

Ela sacoulle a lingua nun sinal de burla, facendo por esquecer o ton desprezable daquel comentario machista, e seguiu de novo na viaxe exploratoria até o recibidor. Subiron con coidado as escaleiras e accederon ao oratorio esperando atopar valiosas reliquias que, pensaban, alí se ocultaban. O portón de nogueira cedeu sen demasiado esforzo. O interior era un reducido espazo rectangular recuberto de escaiola deslucida polo paso do tempo, onde aínda quedaban en pé catro reclinatorios de madeira podre e un retablo frontal en bastante mal estado.

—Hostias, aquí levaron até os santos, non queda nada...

Malena fixo un aceno de desgusto ante o vocabulario basto do mestre. Non acababa de entender aqueles bruscos

cambios de personalidade, na facultade era case sempre un perfecto exemplo de mesura e educación. Fora iso precisamente o que tanto lle chamara a atención del nun principio: a súa forma de vestir sempre impecable, as súas palabras doces, aquela actitude morna tan afastada da impetuosidade dos compañeiros de estudos, aínda rebordantes de hormonas postadolescentes.

Ese Mateo malfalado xurdira moito despois, tras o asunto aquel da festa de fin de curso, cando xa non tiña que actuar como profesor universitario; pero entón xa se establecera entre eles un estreito vínculo que rozaba a intimidade e Malena perdoáballe sen máis as inoportunas faltas de comportamento.

Malena pasou a man con delicadeza polo entrepano da parede, a pedra estaba estucada cun material de mala calidade, resgou un pouco coa unlla e parte do recebo caeu de inmediato ao chan. Os latexos do seu corazón espertaron de súpeto do ritmo pousado e un veo de suor cubriu nun instante a súa pel.

Sentiu a mirada enfurecida de Mateo cravarse na brouca e non puido evitar un par de bagullas, que iluminaron durante un lixeiro instante o azul escuro dos seus ollos calmos.

—Síntoo...

Non houbo resposta, pero o seu corazón tardou varios minutos en normalizar o ritmo. Malena pensou que a capela necesitaba unha reforma íntegra, quitar todo o recebo e devolver as paredes ao seu estado orixinal, pero coidouse de dicilo en voz alta.

—Vamos arriba, vexamos o resto —o ton sereno da voz de Mateo aliviou o remol da tensión.

Os dedos de Malena pecháronse arredor da man que lle tendeu el para facilitar a subida. Notaba a calor que desprendía a súa pel e aspirou o seu olor característico que mesturaba tabaco e coiro. Malena aferrouse a aquela sensación que lle lembraba os inicios da súa relación. Foi durante o último trimestre cando Mateo correspondeu ás atencións con que ela o reverenciaba. Malena nunca tivera demasiado trato cos mozos da súa idade, en realidade aburríana, non sabían máis que falar de mulleres, festas, fútbol, ou apostas absurdas a ver quen bebía máis alcohol ser caer de cu.

As mozas tampouco é que lle resultaran de máis interese, a mesma conversa baleira sobre noivos, maquillaxes ou críticas ás demais compañeiras que lle producían máis fastío que entretemento. A ela non lle gustaba pintarse, nin poñer minisaia, nin saír pola noite en busca dun probable marido, rico e guapo, co que poder casar cando acabara os estudos universitarios. Non cría na familia, gustáballe estar soa e tamén desfrutar dunha boa conversa.

Mateo tiña unha voz suave coa que lle descubría segredos de épocas antigas, as súas historias tíñana aboubada como lle sucedía ao sultán Schariar con Sherezade nas *Mil e unha noites*. Aquele bolsa de coiro que levaba sempre prendida do ombreiro, agochaba multitude de obxectos que el atesouraba das viaxes que persistía en facer a diversos países, en busca de novas historias que narrar aos seus alumnos.

Empezaran a quedar despois das clases para debater sobre as claves da decadencia romana, a vida na prehistoria, a autenticidade das reliquias que traía Mateo das súas viaxes, ou os adobíos ideais para asistir a unha festa medieval, calquera tema era ben recibido. Adoitaban quedar nunha cafetería, nun parque público, e despois, cando as miradas

e os sorrisos avanzaron un paso máis aló do politicamente correcto, comezaron a quedar en lugares máis discretos, só para falaren deles mesmos, para deleitárense na súa conversa que no entanto cada vez ía tomando un matiz máis persoal. Aí Malena impuxera o seu límite, nese amor tenro de olladas intensas e rubores, ese amor inxenuo, case platónico, que para ela, polo momento, era suficiente.

O brusco tirón de Mateo lembroulle que había que subir máis escaleiras, até o primeiro andar. O piso de madeira estaba moi estragado e resultaba demasiado perigoso para aventurarse polos cuartos, así que admiraron desde lonxe os fastosos artesoados do teito e as pinturas que ornamentaban gran parte das paredes.

—Aí tes os cadros de dona Sara, os ladróns tamén tiveron medo de pisar na madeira podre —a mirada de Mateo recollía algo da tristura e resignación que transmitían as súas palabras.

—De calquera xeito, moito me temo que non haxa moito que restaurar.

Un enorme buraco de case un metro de ancho abríase implacable cara ao ceo. A través del puideron observar como un cúmulo de nubes corría veloz empurrado polo vento. Aqueles valiosos cadros, que un día colmaran as aspiracións artísticas dos donos da casa, colgaban agónicos das paredes, feridos por grosas ronchas de mofo escuro que nalgún caso traspasaban xa a propia tea e deixaban á vista parte do bastidor.

—Aquí non podemos facer máis —dixo Mateo—. Vamos fóra, disque hai unha especie de biblioteca na parte de atrás.

Baixaron de novo as escaleiras con coidado de non caer e saíron ao exterior. Malena estarreceu ante a silueta da

exuberante vexetación que poboaba os xardíns baixo a luz estraña do luscofusco e agarrouse no brazo de Mateo con cautela, degoirando non recibir un xesto de desprezo.

Abríronse paso con tranquilidade a través da espesura até un pequeno edificio lateral que, ao parecer, facía as veces de biblioteca. O ferrollo da porta cedeu e a madeira desatrancou despois de varios intentos. Dentro todo era escuridade, as contras permanecían tapiadas, resgardando o intenso cheiro a putrefacción.

Mateo tapou a boca e o nariz coa manga da chaqueta e entrou con determinación na estancia co obxecto de abrir as fiestras e deixar que o aire puro limpara o ambiente. Agardaron varios minutos até que se puido respirar con normalidade e despois entraron no amplo espazo, clarexado polo fulgor da lúa chea.

Nas repisas dos andeis amoreábanse unha chea de folletos propagandísticos do *Sanatorio Lluria*, a antiga clínica do doutor Henrique Lluria Despou, así como algunhas revistas de medicina da época.

—Vaia! —exclamou sorprendida Malena—, a familia Hostos non chegou a pisar a biblioteca; parece que o tempo se conxelara na época dos marqueses, isto si que pode ser interesante...

O mestre remexeu sen demasiado interese os pregos que se amoreaban nos andeis, case todos roídos e cubertos con feces de rato. Malena, mentres tanto, percorría o cuarto paseniño, apalpando as pedras das paredes coas mans para avanzar sen caer de fociños.

Mateo atopou un paquete con algunhas fotografías velhas e luídas dos marqueses de Vega de Armijo en diversas actitudes e actos sociais debaixo dunha morea de exemplares

do famoso estudo do médico cubano *Cateterismo permanente de los uréteres*.

Observou divertido un retrato descorado no que aparecían riseiros Henrique Lluria e mais o fundador do partido socialista, Pablo Iglesias, xogando ás cartas. A decadencia do *Sanatorio Lluria* tivera moito que ver coas recoñecidas tendencias políticas da parella, e aquela fotografía era unha boa mostra diso.

—Isto si que ten valor histórico —chanceou Mateo.

Ao revirarse cara ao mestre para atender á fotografía, Malena embicou co andel de madeira, que abalou perigosamente cara ao chan. Pescouno *in extremis* e devolveuno con forza ao seu sitio orixinal, onde quedou apousentado de novo con grande estrondo. O golpe da rexa madeira ao bater no muro provocou o desprendemento dunha pequena parte do rebocado que arrastrou consigo algunhas pedras do paramento.

—Carallo, Malena... —dixo mentres lle tendía a fotografía—. A ver se tes máis coidado, xa é a segunda vez.

A ollada fulminante do mestre fixoa arrubiar.

—Estou ben, perdoa... —respondeu ao tempo que collía o retrato.

Inclinouse cara á porta para examinar a fotografía baixo a fráxil luz da lúa e, ao querer devolverlle o documento a Mateo, fixouse horrorizada no considerable burato que se abrira na parede, xusto a carón da librería. Malena deixou o retrato sobre os outros e despois apalpou con disimulo na fendedura da rocha para comprobar a súa profundidade. Entón atopouse estupefacta cun obxecto cálido ao tacto.

Tomou o achado entre os seus dedos pola calada, tras comprobar que Mateo aínda mergullaba entre os folletos

noxentos. Sentiu o folgo aloucado do corazón, unha emoción contida que lle quitaba o aire. Coas mans trementes e empapadas de suor, agochou o pequeno vulto por debaixo da camiseta, prendido coa cintura do pantalón.

—Vou fóra, estou acorando —dixo con voz trémula.

Non pretendía ocultarlle nada a Mateo pero necesitaba estudar a soas ese fardelo providencial, xa tería tempo de amosarlo na viaxe de volta. Malena observou fascinada o seu descubrimento baixo a luminescencia do plenilunio, arroxando polo nerviosismo.

—Meu Deus, non pode ser... —atesourou de novo o paquete debaixo da roupa, sentiu o rozamento dos séculos contra a pel núa dos dedos e bendiciu a súa boa fortuna naquela noite estrelada de principios de setembro.